

A Rede Eusumo e a iniciativa PONT-UP STORE de apoio a novos emprendedores, organizan a actividade **#ASoluciónCooperativa** no marco da celebración do 25º aniversario da Universidade de Vigo e o impulso do Campus Crea.

A Rede Eusumo é unha rede de colaboración cofinanciada polo Fondo Social Europeo e impulsada pola Dirección Xeral de Traballo e Economía Social da Consellería de Traballo e Benestar para o fomento do cooperativismo e a economía social.

A través da Rede Eusumo:

- **Préstase apoio directo** á creación e consolidación de emprego con base na economía social.
- **Foméntase o espírito emprendedor** a través da fórmula cooperativa.
- **Impúlsase o modelo empresarial no ámbito local**, a través de accións de formación, divulgación e asesoramento para o autoemprego colectivo.



A actividade ten carácter gratuíto.

Inscríbete en info@eusumo.coop ou no **981558008** facilitando nome, DNI e email.

www.eusumo.coop



ASoluciónCooperativa

Xogo de creación de empresas

23 setembro
10:00 a 14:00h

Casa das Campas; Rúa Don Filiberto, 9,
36002 Pontevedra



PROGRAMA

XOGO DE CREACIÓN DE EMPRESAS #ASOLUCIÓNCOOPERATIVA!

A Rede Eusumo, participa na iniciativa de emprendemento PONT-UP STORE a través da organización do **XOGO DE CREACIÓN DE EMPRESAS #ASOLUCIÓNCOOPERATIVA!**

O PONT-UP STORE é unha iniciativa de apoio a NOVOS EMPRENDEDORES, aberta a toda a cidadanía, e que centra os seus esforzos no incremento da CULTURA EMPRENDEDORA na sociedade, apostando pola creatividade e o emprendemento para o desenvolvemento persoal e da sociedade en xeral.

Este encontro realízase no marco da celebración do 25 aniversario da Universidade de Vigo e o impulso do Campus Crea.

OBXECTIVO

O obxectivo principal do xogo é que os asistentes coñezan as vantaxes e particularidades da fórmula cooperativa como modelo empresarial máis axeitado para emprender nos momentos actuais. Traballaranse os aspectos clave na creación dunha empresa, dende a maduración da idea de negocio ata a súa presentación en público, mellorando así as habilidades dos asistentes como emprendedores.

A QUEN VAI DIRIXIDA?

Esta actividade pretende achegar a fórmula cooperativa a emprendedores e aquelas persoas que estean a valorar a posibilidade do autoemprego cooperativo como unha saída laboral.

10:00 H Recepción e presentación da Rede Eusumo e dos recursos que ten a disposición dos proxectos cooperativos.

10:30 H Presentación do xogo de empresa e do caso práctico de empresa cooperativa a crear.

11:00 H Realización do caso por parte dos asistentes agrupados en grupos de traballo, titorizados polo equipo docente do seminario.

12:00 H Pausa

12:20 H Presentación práctica a cargo dos docentes dos aspectos clave para comunicar proxectos e captar financiamento para os mesmos.

13:00 H Presentacións por parte dos grupos dos seus proxectos empresariais: "elevator pitch"

13:40 H Avaliación das presentacións e conclusións

14:00 H Peche do xogo

